



EDICTO

ANUNCIO DE CONTRATACIÓN CON CARÁCTER URGENTE DE PERSOAL LABORAL A TEMPO PARCIAL DE VINTE HORAS Á SEMANA: DOUS/DÚAS MONITORES/AS DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE DURANTE O CITADO PERÍODO DE FUNCIONAMENTO DO CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE XULLO E O 31 DE AGOSTO DE 2015

Requisitos:

- Maior de 16 anos.
- Título mínimo ESO, FP1 ou equivalente.
- Posuir título de "MONITOR DE TEMPO LIBRE"

Méritos, por orde decrecente:

- Experiencia nas tarefas sinaladas, preferentemente no sector público local
- Experiencia en outras Administracións públicas
- Experiencia no sector privado
- Avaliaranse outras titulacións afíns ou complementarias e cursos relacionados coas función específicas
- No caso de resultar necesario precisar algún dos méritos ou a capacitación alegados poderase convocar aos solicitantes a unha entrevista, mediante citación á conta de correo electrónico e teléfono, que necesariamente deberán facilitarse.

- DOCUMENTACIÓN:

- Instancia na que se inclúan os datos persoais completos, DNI, domicilio, teléfono de contacto e dirección de correo electrónico, facendo constar que se solicita ser admitido/a para a contratación urxente arriba reseñada e relacionando a documentación que se achega para acreditar os méritos alegados.

- Fotocopia compulsada do DNI

- Fotocopia compulsada do título que se esixe como mínimo ou título superior; no caso de non ser expedido, acreditación de ter solicitada a expedición, con validación da entidade bancaria.

- Fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados.

- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- Desde o 25 ata o 29 de xuño, amolos dous incluídos.

Oza-Cesuras, 25 de xuño de 2015.

O ALCALDE EN FUNCIONES.Fdo.: Andrés Taboada Marante (1º Tenente de Alcalde).

